

Poxa de aproveitamentos madeirables

A Asociación Forestal de Galicia anuncia a convocatoria dunha poxa de aproveitamentos madeirables dun total de 1 lote ls na Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Randufe (Tui), que se relacionan de seguido:

LOTE	MONTE	CONCELLO	LUGAR	ESPECIE	Nº PÉS	VOLUME ESTIMADO (m ³ cc)	PREZO BASE (€)	OBSERVACIÓNS
Randufe 1/2021	Veciñal de Randufe	Tui	Rodais 13.01, 13.02, 15.02 15.01 p (5,75 ha)	<i>Pinus pinaster</i> <i>Eucalyptus globulus</i>	605 2.562	307,69 560,17	24.800	Corta a oito Certificado PEFC e FSC. Restos de corta deberán ser estelados ou triturados.

Os tipos base de licitación son os indicados no cadro anterior, non admitíndose ofertas por debaixo dos valores. Establécese ademais un prezo índice (superior ó prezo base) para cada lote que se reserva a parte vendedora, e que figurará no seu sobre pechado que será aberto simultaneamente coas plicas de oferta. A mesa de adxudicación resolverá no acto se procede ou non a adxudicación provisional dos lotes subastados.

O prego de condicións atópase dispoñible na oficina da Asociación Forestal de Galicia no Centro Cultural Xinzo en Pontearreas.

Cada licitador presentará un sobre pechado individual para cada oferta coa proposición económica formalizada segundo modelo que se facilitará ós interesados e acompañando copia do seu DNI.

A apertura de plicas, levarase a cabo **venres día 14 de maio de 2021 ás 20:00 horas no Centro Cultural de Randufe (Tui)**. A asistencia persoal dos licitadores á poxa é requisito necesario para poder ser adxudicados os lotes.

Presentación de ofertas: as ofertas presentaranse dende o día 10 de maio ata o día 14 de maio de 2021, na oficina da Asociación Forestal de Galicia, sita no Centro Cultural de Xinzo (Pontearreas), en horario de 9:00 a 14:00 h e de 16:00 a 19:00 h.

Establécese unha fianza do 10 % do valor de alleamento do aproveitamento madeirable. Esta fianza farase efectiva no acto de adxudicación provisional.

Os lotes de madeira deberán ser pagados antes dos 30 días naturais seguintes á adxudicación provisional .

Na apertura das plicas permitirase un receso de 10 minutos no caso de non atoparse presentes todos os licitadores.

➤ A información das persoas responsables de amosar a localización do lote e outros datos é:

○ **CMVMC de Randufe:** **Javier 650.601.842**

Os licitadores polo mero feito de presentarse a poxa sométense e aceptan expresamente todas as condicións xerais e do aproveitamento descritas no prego de condicións polo que se rexe a mesma, e que se poderá solicitar no mesmo lugar de presentación das plicas.

En Pontearreas, a 15 de abril de 2021



José Manuel Regueiro Fernández
Enxeñeiro Técnico Forestal

LOTE 1/2021 RANDUFE

Lote 1

Especie	
<i>Eucalyptus globulus</i>	
Clase diamétrica	Nº de pés
7 a 10	717
11 a 15	628
16 a 20	472
21 a 25	354
26 a 30	193
31 a 35	123
36 a 40	52
41 a 45	17
46 a 50	3
51 a 55	2
56 a 60	0
61 a 65	0
66 a 70	1
71 a 75	0
76 a 80	0
81 a 85	0
Total	2.562

Especie	
<i>Pinus pinaster</i>	
Clase diamétrica	Nº de pés
7 a 10	126
11 a 15	102
16 a 20	76
21 a 25	50
26 a 30	46
31 a 35	55
36 a 40	51
41 a 45	41
46 a 50	30
51 a 55	16
56 a 60	8
61 a 65	3
66 a 70	1
71 a 75	0
76 a 80	0
81 a 85	0
86 a 90	0
Total	605

MODELO DE PROPOSICIÓN

D., maior de idade con D.N.I.:
(fotocopia adxunta), actuando en nome de
con C.I.F.:e domicilio social en provincia de
..... ben enterado e aceptando os pregos de condicións e demais
documentos relativos a poxa que se celebrará o día 16 de outubro de 2020 no Centro
Cultural de Xinzo (Pontearreas).

OFRECE polo lote nº ____ do monte de _____ a cantidade (en letra)
.....euros
(en número) €.

Ena de de 2021